

## A arquitectura eco-responsable

Xorde de preocupacións de índole económica (aforro enerxético) e ecolóxicas. Trátase de construcións máis respectuosas coas persoas e coa natureza, baseadas no sentido común e en principios bioclimáticos:



### ← Casa bio-climática en Brand (Austria), construída no ano 2002

Situada na montaña, para a súa construción tivéronse en conta os seguintes principios:

1. -Paredes da parte norte da casa moi illadas e con poucas aberturas (ventás, portas,...), para evitar que se desperdicie a calor.
2. -Fachada sur (a que se mostra na fotografía) con amplos ventanais, para aproveitar a calor do sol en inverno, pero protexidos das calores do verán por unha prolongación do tellado.
3. -Captadores solares (fornos solares) no tellado para a auga quente sanitaria e a calefacción, combinados con estufas de leña.



Escola rural en Rennes, Francia (2006). Construída en pedra e en terra, segundo a tradición local. Recentemente ampliouse cun novo edificio para acoller a dúas clases máis. A nova construción foi realizada en madeira e ladrillo (a que se mostra na fotografía). Observade o gran ventanal no teito para a entrada de luz natural e da calor no inverno. Por outra banda, no teito instaláronse células fotovoltaicas para producir electricidade a partir da enerxía luminosa do sol. Estas células cobren a totalidade das necesidades de enerxía da escola.



**Cara a unha casa máis ecolóxica. Unha empresa de Chapela promove un sistema para reciclar a auga da chuva para o uso doméstico.**

O cambio climático debido ás emisións de gases de efecto invernadoiro está provocando nos últimos anos a alteración das precipitacións en todo o planeta. O ano 2007 foi o máis seco do último medio século en Galicia.

O aforro de auga estase a converter nunha necesidade para dar un respiro ao medio.

A empresa de Chapela Naturhabitat, dirixida por José Carlos Ferreira, Bioconstrucción promove un sistema de captación das augas de chuva para o uso doméstico que permite aforrar ata o 50% do consumo. Proximamente presentará este dispositivo na feira das enerxías renovables e a bioconstrucción "Alternalia 2008" que terá lugar do 9 ao 11 de maio en Moaña (Paseo Marítimo).

O sistema emprega a auga de chuva para o inodoro, a lavadora, a limpeza xeral ou o rego, uns usos que non precisan de auga potable. O proceso de recuperación da auga é sinxelo:

- 1.- A auga recóllese do teito da vivenda mediante uns conductos e, tras a súa filtración, almacénase no interior dun tanque.
- 2.- O depósito entérrase baixo a casa para garantir a óptima conservación da auga almacenada, posto que a ausencia da luz solar e calor evita a creación de algas.
- 3.- A distribución destas augas pluviais pola vivenda realízase por unha rede de subministración paralela á da auga potable ata os puntos onde interese: cuartos de baño, sala da lavadora, xardín, etc., mediante un equipo hidráulico que garante a presión da rede.
- 4.- No caso de esgotarse a auga do tanque incorpórase un control de abastecemento que o conecta automaticamente a auga da rede.

**Naturhabitat Bioconstrucciones S.L.**

**Enderezo:** Subida Parada nº 6 baixo Chapela, Redondela, Pontevedra, Galicia, España, 36320

**Sitios Web:** <http://www.naturhabitatbioconstruccion.com>

[http://www.farodevigo.es/secciones/noticia.jsp?pRef=2008032600\\_3\\_210760\\_\\_Comarcas-Hacia-casa-ecologica](http://www.farodevigo.es/secciones/noticia.jsp?pRef=2008032600_3_210760__Comarcas-Hacia-casa-ecologica)

